

1ª CAMPAÑA PARA O FOMENTO DO COMERCIO NO CONCELLO DA MEZQUITA

A crise económico – sanitaria producida polo COVID-19 fai necesario que a totalidade da poboación poña da súa parte para reactivar a nosa economía, o comercio de proximidade. Por iso, o Concello da Mezquita pon en marcha, entre outras, esta iniciativa que ten como obxectivo contribuír á dinamización deste sector durante a campaña de Nadal 2020.

Esta iniciativa basease no sorteo do 1.000 €, aportados polo Concello, entre tódolos clientes e clientas, maiores de 18 anos, que realizan as súas compras/consumicións nos negocios da localidade. A cantidade estará dividida en 5 premios que deberán ser utilizados nas empresas adheridas á campaña. Dáse a opción aos premiados de poder utilizar o seu premio en varios establecementos, ata esgotar a cantidade total do premio.

Aos premiados entregaráse un talonario con vales de 1€ para entregar como pago polas súas compras/consumicións nos establecementos, vales que estes entregarán no Concello recibindo a cantidade correspondente de diñeiro.

Os 1.000 € estarán distribuídos en 5 premios de 200€ cada un deles.

Para poder acceder ao sorteo aos consumidores se entregaránelles os tickets nos diferentes establecementos colaboradores da campaña, variando o número de tickets segundo o gasto realizado:

Gasto de ata 10 €..... 2 tickets

Gasto de 11 € a 30 €..... 3 tickets

Gasto de 31 € a 40 €..... 4 tickets

Gasto superior a de 41 € 5 tickets

Non poderán participar no sorteo os empresarios coas papeletas que lle foron asignadas ao seu negocio, así como tampouco poderán participar nin os seus cónxuxes, ascendentes e descendentes, ata o primeiro grado (incluído), nin os seus empregados.

Os empresarios facilitarán os tickets aos consumidores, que deberán cubrilos cos seus datos (nome, apelidos, DNI e teléfono de contacto) e introducilos nunha urna deseñada para este fin.

Os empresarios teñen ata o día 4 de xaneiro as 14:30 horas para entregar nas oficinas do Concello as urnas con todos os tickets.

A realización do sorteo levarase a cabo o sábado día 5 de xaneiro do 2021 ás 12:00 horas nos exteriores do Colexio Augusto Assía, dun xeito "distinto" e deberán estar dous representantes dos empresarios e dous representantes da administración local (elixidos previamente polas empresas adheridas á campaña), ademais de quen queira participar como público.

Distribuiranse entre as empresas e autónomos un total de 60 talonarios. Todos eles levarán impresos números dende o 1 ao 200 e unha letra que representará a serie. Haberá cinco talonarios iguais de cada unha das series. Durante o sorteo seleccionárase un número e unha serie, asignando os cinco premios ás rifas que os conteñan. Os talonarios serán:

SERIE	NUMERACIÓN	CANTIDADE
A	1-200	5 talonarios
B	1-200	5 talonarios
C	1-200	5 talonarios
D	1-200	5 talonarios
E	1-200	5 talonarios
F	1-200	5 talonarios
G	1-200	5 talonarios
H	1-200	5 talonarios
I	1-200	5 talonarios
L	1-200	5 talonarios
M	1-200	5 talonarios
N	1-200	5 talonarios

Para o suposto de que algún dos premiados non sexa localizado, farase un sorteo de xeito tradicional, sacando 5 tickets, que iran substituíndo por orden de saída aos tickets premiados e non localizados.

Dende as oficinas municipais e ata as 14:30 do día 7 de xaneiro localizarase aos premiados para que acudan ao Concello a que se lles faga entrega do respectivo talonario. En primeiro lugar chamarase aos primeiros premiados e non caso de non seren localizados, intentarase cos suplentes.

O prazo para facer uso do premio remata o día 30 de xaneiro do 2021

O Concello será o encargado de proporcionar a cada unha das empresas un cartaz e folletos explicativos da campaña, o talonario de tickets e a urna para inserilos.

As persoas premiadas autorizan ao Concello da Mezquita a publicar os seus nomes e fotografías como ganadoras do sorteo nos medios de comunicación e nas redes sociais. Os datos persoais dos premiados solo serán utilizados polo Concello da Mezquita a efectos publicitarios nos termos descritos, sen proceder a súa cesión ou conservación. Terminado o sorteo eliminaranse todos tickets para non conservar ningún dato dos participantes.

As bases do sorteo poderanse consultar na paxina web do Concello:
www.amezquita.gal